

RESOLUCIÓN REITORAL DO 07 DE ABRIL DE 2021 POLA QUE SE PUBLICA A CONVOCATORIA DE AXUDAS PARA ORGANIZAR CURSOS DE EXTENSIÓN DA UNIVERSIDADE DE VIGO NO ANO 2021

O Decreto 7/2010 de 14 de xaneiro, polo que se aproban os estatutos desta Universidade (DOG do 02 de febreiro) establece no seu artigo 2 que entre os seus fins prioritarios está «a difusión do coñecemento e da cultura a través da extensión universitaria e a formación ao longo de toda a vida». Así, no artigo 109 do devandito texto normativo establécese que «a universidade arbitrará os medios necesarios para potenciar o seu compromiso coa reflexión intelectual, a creación e a difusión da cultura, en especial a galega, e promoverá o achegamento das culturas humanística e científica e esforzarse por lle transmitir o coñecemento á sociedade mediante a divulgación da ciencia».

Un dos instrumentos mais relevantes dos que dispón a Universidade de Vigo para desenvolver este mandato estatutario consiste no programa de cursos de extensión universitaria, xa que lles permite aos membros da comunidade universitaria promover e organizar accións formativas que, ademais de servir de complemento á formación regrada, facilitan a transmisión do coñecemento desenvolvido na universidade ao noso contorno social, e contribúen decididamente a vincular á Universidade de Vigo coa sociedade en que insire.

Os cursos de extensión universitaria permítenlles aos membros da comunidade universitaria promover e organizar accións formativas que faciliten a transmisión de destrezas e de habilidades desenvolvidas por estes ao noso contorno social e contribúen decididamente a vincular a Universidade de Vigo coa sociedade en que se insire.

En virtude das facultades outorgadas pola Lei orgánica 6/2001, de 21 de decembro, modificada pola Lei 4/2007, do 12 de abril, de universidades, esta reitoría **RESOLVE**:

1. Publicar a convocatoria de axudas para organizar cursos de extensión universitaria da Universidade de Vigo no ano 2021.
2. Ordenar a publicación da presente convocatoria, xunto coa súa normativa correspondente, no taboleiro electrónico e na páxina web <https://www.uvigo.gal/campus/cultura/obradoiros-outros-cursos>.

A axuda para organizar cursos de extensión no ano 2021 solicitarase no modelo oficial (Anexo I), e presentarse a través da sede electrónica da Universidade de Vigo ata o 20 de abril de 2021. O modelo estará dispoñible na secretaría virtual.



Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso perante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses contados dende o día seguinte ao da súa publicación, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

As persoas interesadas poderán optar por interpoñer contra esta resolución recurso de reposición, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación, perante o Reitor. Neste caso non se poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se producise a desestimación presunta do recurso de reposición interposto, segundo o previsto no artigo 123.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

O reitor

Por delegación R.R. do 01/12/2018 (D.O.G. do 7)

A vicerreitora de Captación de Alumnado, Estudiantes e Extensión Universitaria

(asinada electronicamente)

Natalia Caparrini Marín



BASES QUE REGULAN A CONVOCATORIA DE AXUDAS PARA ORGANIZAR CURSOS DE EXTENSIÓN UNIVERSITARIA DA UNIVERSIDADE DE VIGO NO ANO 2021

1. OBXECTO DOS CURSOS DE EXTENSIÓN UNIVERSITARIA

Involucrar á sociedade en novos elementos culturais, científicos, tecnolóxicos, sociais, humanísticos ou económicos desenvolvidos pola comunidade universitaria ou en coordinación con outras institucións académicas ou sociais.

2. REQUISITOS DAS PERSOAS SOLICITANTES

So poderán solicitar a organización de cursos de Extensión Universitaria os membros da comunidade universitaria da Universidade de Vigo e terán que seguir sendo membros da comunidade universitaria ata a finalización da realización do curso.

A persoa solicitante, en calidade de director ou directora do curso proposto, deberá ter relación coa temática do curso que solicita.

Unha mesma persoa só poderá presentar unha única solicitude por campus, en calidade de director/a.

3. CONDICIÓN XERAIS

AVISO IMPORTANTE:

Deberanse ter en conta as indicacións das autoridades sanitarias por mor da emerxencia sanitaria motivada pola pandemia do COVID19 en relación coas normas de seguridade e de protección á hora de determinar o lugar de realización da actividade, o número de matriculas, así como outras posibles normas que se diten ao respecto (aforo, distancias mínimas entre alumnos/as, etc.).

3.1. Características académicas de cada curso de extensión universitaria

- a) Cada curso deberá estruturarse nun programa que considere obxectivos, temática tratada, métodos e recursos, que reflecta, se fose o caso, a distribución de actividades e a súa dedicación (horas presenciais, horas de traballo individual, procesos de avaliación do alumnado, etc...).

* Debido á situación sobrevida polo COVID 19 a docencia “non presencial síncrona” (mediante videoconferencia) será considerada “presencial” a estes efectos.

A modalidade do curso pode ser presencial, síncrona ou combinando as dúas (mixta).

No caso de que sexa elixida a modalidade síncrona ou mixta, na solicitude deberán especificarse con detalle, as ferramentas imprescindibles que precisan as persoas matriculadas para desenvolver o curso de forma axeitada e non poderán solicitar a devolución de matrícula por este motivo.

As horas de traballo individual do alumnado non poderán superar o 10% do total das horas do curso.



- b) Deberá recoller un procedemento de avaliación do propio curso que permita analizar o grado de cumprimento dos obxectivos e introducir melloras no futuro.
- c) Terá unha duración entre 30 e 60 horas (ambas incluídas) de dedicación do estudante, logo de incluír todos os conceptos.
- d) Deberá impartirse entre o **15 de xuño e o 30 de setembro de 2021**.
- e) Contará cunha dirección que ten que ser auxiliada nas funcións administrativas por unha persoa secretaria do persoal de administración e servizos (PAS) da Universidade de Vigo.
- f) O número de estudantes previsto por cada curso non pode ser inferior a 25 nin superior a 100.
- g) O alumnado da Universidade de Vigo poderá validar os cursos de extensión universitaria por créditos ECTS como actividades universitarias culturais. O recoñecemento farase a razón de 1 crédito ECTS por cada 30 horas de traballo do estudante.
- h) Unha vez rematado o curso, a dirección (do curso) elaborará unha memoria final, que deberá remitir, xunto ás enquisas finais realizadas ao alumnado á vicerreitoría correspondente, nun prazo de 10 días hábiles contados dende o remate do curso.

Na memoria final deberase especificar o código e nome do curso e remitirse, debidamente asinada, aos seguintes enderezos electrónicos:

- Para a vicerreitoría de Captación de Alumnado, Estudantes e Extensión Universitaria: extension@uvigo.es
 - Para a vicerreitoría do campus de Ourense: asc-ou@uvigo.es
 - Para a vicerreitoría do campus de Pontevedra: asc-po@uvigo.es
- i) Correspóndelle á persoa encargada da dirección do curso de extensión universitaria establecer os contidos do programa, contactar e informar aos docentes, así como organizar o desenvolvemento do curso, garantir o control de asistencia de cara á entrega de diplomas, articular o procedemento de avaliación do curso, realizarlle a enquisa final a todo o alumnado matriculado; así como de cantas outras tarefas de xestión sexan precisas para o normal funcionamento do curso.

3.2. Condicións de matrícula nos cursos de extensión universitaria

- a) O importe da matrícula non superará os 4,16 € por hora de docencia presencial ata un máximo de 249,6 € por curso.
- b) As persoas alleas á Comunidade Universitaria poderán matricularse sempre e cando sexan maiores de 18 anos.
- c) As persoas que pertencen á Comunidade Universitaria (alumnado, PAS e PDI) terán unha redución do 35% sobre o prezo de matrícula.



- d) A redución do 35 % sobre o prezo da matrícula poderá estenderse a outros colectivos no caso de subscribirse os oportunos convenios, que deberán achegarse co resto da documentación no momento da solicitude.
- e) Devolverase o prezo da matrícula dos cursos de extensión universitaria, tras solicitalo a persoa interesada, cando concorran algunhas destas causas:
- Cancelación do curso ou modificación das datas de celebración, horario ou lugar.
 - Formalización da matrícula unha vez completado o número de prazos do curso.
 - Comezo dunha relación laboral (mediante un contrato de traballo ou de alta na Seguridade Social).
 - Maternidade (co correspondente certificado médico).
 - Enfermidade, (co correspondente certificado médico).
 - Aboamento dunha cantidade superior ao prezo do curso como consecuencia de erros materiais ou de cálculo. Neste caso devolverase a diferenza aboada en exceso.
- f) As solicitudes de devolución deberán tramitarse como data límite no prazo de dez días dende o comezo do curso achegando a documentación xustificativa.
- En caso de cancelación do curso de extensión o prazo empezará a contar dende a súa notificación ou publicación.

Para solicitar a devolución, a persoa matriculada deberá acceder a través da mesma plataforma de inscrición para introducir o número de conta no que se fará efectiva a devolución.

O enlace para a tramitación de devolucións é o mesmo que se utilizou para a inscrición <https://campusactivo.uvigo.gal/>.

3.3. Financiamento dos cursos de extensión universitaria

As propostas dos cursos de extensión universitaria incluírán o orzamento de ingresos e gastos. O orzamento total de gastos deberá coincidir co orzamento de ingresos.

Os cursos financiaranse prioritariamente cos ingresos por matrícula e/ou por financiamento externo. **O orzamento dos ingresos por matrícula farase utilizando a fórmula seguinte: núm. mínimo de estudantes previstos x 0,70 x prezo de matrícula completa.**

A dirección do curso levará a cabo todas as xestións necesarias para cobrar as subvencións externas á Universidade de Vigo, no suposto que a Universidade de Vigo perciba ingresos por entidades(s) e/ou institución(s) deberá achegarse o oportuno convenio debidamente asinado.

Sempre que haxa dispoñibilidade orzamentaria, a Universidade de Vigo poderá contribuír para organizar os cursos de extensión universitaria cun máximo de 4.000 euros, que aprobará a comisión de Extensión Universitaria e Estudiantes en Vigo, ou polo consello de campus correspondente en Ourense e Pontevedra.



Nos casos moi excepcionais, polas súas especiais características e debidamente xustificado pola persoa encargada da dirección do curso, se o importe solicitado é superior, poderá ser aprobado pola comisión correspondente, segundo o campus.

En todo caso, o orzamento máximo do curso dotado por parte da Universidade de Vigo será a suma dos importes indicados nos apartados I.1, I.2 e I.3 do anexo V «Orzamento do curso», presentado na solicitude:

- I.1 (ingreso mínimo por matriculas).
- I.2 (financiamento externo) sempre que haxa convenio asinado ao efecto para o financiamento do mesmo.
- I.3 (contribución da Universidade de Vigo), máximo de 4.000 euros.

Os fondos destinados a esta acción irán con cargo ás aplicacións orzamentarias que se indican:

OUR1 211E 22606 no campus de Ourense.
PON1 211E 22606 no campus de Pontevedra.
00CA 211E 22606 no campus de Vigo.

O importe total máximo establecido será de 24.000 € para o campus de Vigo, 24.000 € para o campus de Ourense e 24.000 € para o campus de Pontevedra.

3.4. Condicións relativas ás retribucións e aos gastos do curso.

- a) O importe que percibirán as persoas conferenciantes por hora de dedicación a actividades presenciais (aulas, conferencias, mesas redondas, etc...) non debe ser superior a 100 €. De existir algún caso en que polas especiais características do curso precise unha remuneración maior, deberá xustificarse na solicitude e ser aprobada pola comisión de Extensión Universitaria e Estudiantes ou polo consello de campus correspondente.
- b) Ningunha persoa que imparta unha conferencia percibirá unha remuneración adicional por dedicación a actividades non presenciais.
- c) A dirección e secretaría serán retribuídas cun máximo do 10% do orzamento de ingresos do curso. O límite máximo para estes conceptos será de 500 € e de 250 € respectivamente.
- d) O persoal docente que utilice coche particular para desprazarse poderá percibir (ademais das retribucións pola docencia impartida) e sempre que se xustifique e sexa aprobado pola comisión de Extensión Universitaria e Estudiantes ou o consello de campus correspondente, o equivalente a 0,19 €/km., segundo o desprazamento realizado ata un máximo de 400 €.

O importe das axudas de custo por desprazamento están establecidas no aplicativo informático de “comisión de servizos”, que calcula a distancia medida en quilómetros entre a orixe e o destino do desprazamento. A aplicación informática toma como datos de base as distancias calculadas pola ferramenta de Google Maps, tendo en conta



sempre a distancia polo medio máis rápido. Non se terán en conta outras formas de calcular distancia (Instrución do 20/12/2016, sobre o procedemento de autorización e tramitación dos gastos ocasionados polas comisións de servizo no novo aplicativo informático de comisións de servizo con dereito a indemnización). Este aplicativo tamén se utiliza para as indemnizacións por razón de servizo para persoas sen vinculación laboral.

- e) Todas as cantidades ás que se refiren os apartados anteriores enténdese brutas, polo que se lle aplicarán os descontos do IRPF establecidos polas disposicións vixentes.
- f) Só se considerarán gastos de aloxamento no caso de docentes de fóra de Galicia ou de docentes que participen en máis dunha conferencia en días consecutivos, sempre que se xustifiquen e sexan aprobados pola comisión de Extensión Universitaria e Estudiantes ou consello de campus correspondente.

A contía máxima por aloxamento será de 104,46 €/día por persoa, segundo se establece na Nota técnica da Xerencia do 01/02/2019 de “Indemnizacións por comisións de servizo: novos importes para indemnizacións en territorio nacional e aclaracións sobre as excepcións na tramitación de gastos” e no Regulamento para a liquidación e tramitación de indemnización por razón de servizo que aprobou a Universidade de Vigo no Consello de Goberno do 16/12/2016.

O pagamento poderá tramitarse como comisións de servizo ou como facturas, que deberán presentarse directamente polo provedor a través do sistema de facturación electrónica, a nome do servizo de Xestión da Extensión Universitaria. Na factura deberá especificarse o nome das persoas aloxadas.

- g) O importe total da manutención non poderá superar a cantidade de 41,14 € por persoa e día (no caso de facer noite) e de 20,57 € por persoas e día (se non se fai noite). O importe das axudas de custo por manutención que lle corresponda está recollido na nota interna da Xerencia de 01.02.2019 de “Indemnizacións por comisións de servizo: novos importes para indemnizacións en territorio nacional e aclaracións sobre as excepcións na tramitación de gastos”, no Regulamento para a liquidación e tramitación de indemnización por razón de servizo que aprobou a Universidade de Vigo no Consello de Goberno do 16/12/2016, instrución do 20/12/2016, sobre o procedemento de autorización e tramitación dos gastos ocasionados polas comisións de servizo no novo aplicativo informático de comisións de servizo con dereito a indemnización así como no artigo 12 do R.D. 462/2002, de 24 de maio, sobre indemnizacións por razón de servizo.

O pagamento tramitarase como comisións de servizo ou como facturas, que serán presentadas directamente polo provedor a través do sistema de facturación electrónica, a nome do servizo de Xestión da Extensión Universitaria. Na factura deberá especificarse o nome dos comensais ou incluírse un documento no programa de pedidos asinado pola persoa que dirixe o curso onde se especifiquen os nomes das persoas ás que lles corresponde a manutención de cada factura.



- h) Como norma xeral, non se incluírán gastos de competencia doutros servizos, agás que estean debidamente xustificadas e sexan aprobados especificamente pola comisión de Extensión Universitaria e Estudantes ou polo consello de campus correspondente.
- i) A Universidade de Vigo xestiona e financia os custos de publicidade e de difusión dos cursos de extensión aprobados ao abeiro da presente convocatoria. Polo tanto, non se financiarán gastos de publicidade ou de difusión singularizados por curso.

4. DESENVOLVEMENTO DOS CURSOS DE EXTENSIÓN

Unha vez aprobada a oferta de cursos de extensión, especificarase o seu prazo de matrícula, que comezará na mesma data para todos os cursos.

Tras finalizar o prazo de matrícula, un curso cancelarse se non acada o alumnado mínimo indicado na solicitude. Non obstante, nos casos nos que a porcentaxe de matriculados (coa matrícula pagada) supere o 90% do mínimo, as vicerreitorías correspondentes poderán autorizar que se imparta o curso.

A Universidade de Vigo expedirá, para cada curso, un diploma oficial, acreditativo da asistencia de cada participante que seguise polo menos un 85% das actividades presenciais programadas. Este diploma virá asinado polo xefe do servizo de Xestión da Extensión Universitaria e a vicerreitoría correspondente segundo o campus, e nel indicarse o nome e apelidos da persoa asistente e o título e o número de horas do curso.

5. EXCLUSIÓN

Quedan excluídos desta convocatoria os cursos que reciban financiamento de calquera outra das convocatorias da Universidade de Vigo.

6. PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES E DOCUMENTACIÓN

A persoa encargada da coordinación do curso proposto deberá encher o modelo oficial de solicitude/formulario que se atopa na secretaría virtual da Universidade de Vigo: https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/formularios/encuesta/cubrir_paso1/7842 e asinalo dixitalmente.

A presentación do citado formulario será a través da sede electrónica da Universidade de Vigo (<https://sede.uvigo.gal>) a través da Instancia Xenérica (SXER) (achegando unicamente a solicitude e **non os anexos**) e deberá dirixirse á vicerreitoría do campus onde se vaia a celebrar o curso. No caso de que non se celebre en ningún dos campus da Universidade de Vigo, dirixirse á Vicerreitoría onde a persoa solicitante (coordinación do curso) teña establecido o seu centro de traballo ou de docencia maioritariamente:

- Campus de Vigo: á vicerreitoría de Captación de Alumnado, Estudantes e Extensión Universitaria, campus universitario, 36310 Vigo.
- Campus de Ourense: á vicerreitoría do campus de Ourense, edificio das Facultades, campus As Lagoas.



- Campus de Pontevedra: á vicerreitoría do campus de Pontevedra, Casa das Campás, rúa don Filiberto, 9-11, 36002 Pontevedra.

O prazo de presentación de solicitudes remata o día **20 de abril de 2021**.

A persoa solicitante (dirección do curso) no momento de encher a solicitude deberá achegar (subir) **nun só arquivo**, a seguinte documentación (o título do arquivo será a denominación do curso):

- Anexo II: Datos do curso de extensión universitaria.
- Anexo III: Currículo resumido do persoal docente.
- Anexo IV: Custo do persoal docente.
- Anexo V: Orzamento do curso, asinado dixitalmente pola persoa solicitante.
- No caso de contar con financiamento externo á Universidade de Vigo, achegarse a documentación acreditativa expedida pola(s) entidade(s) ou institución(s) correspondente(s), con indicación da contía económica concedida en cada un dos casos, no suposto que a Universidade de Vigo perciba ingresos por entidades(s) e/ou institución(s) deberá achegarse o oportuno convenio debidamente asinado.
- Autorización do lugar de celebración do curso.
- Convenio actualizado para a redución de matrícula a outros colectivos distintos da comunidade universitaria.

Ás persoas solicitantes tamén se lles poderá requirir que acheguen aqueles outros documentos que fosen precisos para aclarar os datos necesarios para o outorgamento da axuda.

7. SELECCIÓN

A comisión de Extensión Universitaria e Estudiantes (no caso das solicitudes presentadas no campus de Vigo), o consello de campus de Ourense ou o consello de campus de Pontevedra (no caso das solicitudes presentadas nos respectivos campus), avaliará todas as propostas recibidas.

Para iso, a comisión de Extensión Universitaria e Estudiantes ou o consello de campus respectivo avaliará e seleccionará as que constituirán a programación de cursos para o ano 2020, de acordo cos seguintes criterios:

- Diversidade de ámbitos (saúde, científico, tecnolóxico, xurídico-social, humanístico).
- Calidade e viabilidade das propostas.
- Oportunidade e impacto das propostas en función do contexto histórico, cultural e socioeconómico e de especialización de cada campus.
- Daráselles prioridade ás propostas de cursos que capten financiamento externo e procurarase que, como mínimo, se aprobe un curso por ámbito.
- Avaliarase positivamente os cursos en que os contidos se atopen aliñados con un ou varios dos obxectivos de desenvolvemento sostible da axenda 2030 (<https://www.un.org/sustainabledevelopment/es/objetivos-de-desarrollo>).



[sostenible/](#)). Neste caso, recoméndase explicitar no anexo II da documentación os obxectivos de desenvolvemento sostible cos que se alíña a proposta.

- Avaliaranse positivamente as novas propostas, as ofertas de cursos realizados en anos anteriores que tiveran unha boa avaliación (teranse especialmente en conta os resultados das enquisas de avaliación e a memoria da anterior edición), as propostas en que participe máis dun conferenciante ou proceda de máis dunha institución e as que soliciten menor contía económica da Universidade de Vigo.
- Avaliaranse negativamente as solicitudes de cursos presentadas con anterioridade que non tiveran unha boa avaliación ou que non acadaran o mínimo de matrículas necesario para o realizar ou se existe un informe desfavorable referido á xestión administrativa do mesmo.
- No caso de que se presenten propostas de cursos con temáticas similares aprobarase, de ser o caso, unicamente unha delas. Alternativamente, a comisión podería recomendarlles as persoas solicitantes a fusión das propostas nun único curso.

Ademais das solicitudes anteriores, a vicerreitoría de Captación de Alumnado, Estudantes e Extensión Universitaria, para o campus de Vigo, e as vicerreitorías dos campus de Ourense e Pontevedra, para os seus respectivos campus, poderán tomar a iniciativa de organizar cursos para cumprir os obxectivos previstos. Os cursos propostos polas vicerreitorías poderán encargarlles o seu deseño a persoas ou entidades alleas á Universidade. A comisión de Extensión Universitaria e Estudantes (no campus de Vigo) ou o consello de campus (nos casos de Ourense e Pontevedra) avaliarán os cursos propostos.

8. RELACIÓN DE SOLICITUDES ADMITIDAS/EXCLUÍDAS A TRÁMITE E CONCEDIDAS/DENEGADAS

Rematado o prazo de presentación de solicitudes e unha vez examinadas estas, publicarase a resolución provisional coa listaxe dos cursos admitidos e excluídos a trámite, sinalando os motivos de exclusión.

Darase **un prazo de cinco días hábiles**, que contarán dende o día seguinte á publicación, para emendar os erros, achegar a documentación requirida ou presentar as alegacións que consideren oportunas. Para tal fin a persoa que coordina o curso presentará a documentación de alegacións a través da sede electrónica da Universidade de Vigo (<https://sede.uvigo.gal>) a través da Instancia Xenérica (SXER).

Unha vez finalizado o prazo e revisadas as alegacións presentadas, será publicada a resolución definitiva de solicitudes admitidas e excluídas a trámite. Posteriormente, a comisión de Extensión Universitaria e Estudantes ou consello de Campus correspondente, reunirse para levar a cabo o proceso de selección e publicarase a listaxe provisoria de cursos concedidos e denegados.

A continuación, darase **un prazo de cinco días hábiles**, que contarán dende o día seguinte á publicación, para presentar as alegacións que consideren oportunas. Para tal fin a persoa que coordina o curso presentará a documentación de alegacións a través da sede electrónica da Universidade de Vigo (<https://sede.uvigo.gal>) a través da Instancia Xenérica (SXER).



Unha vez finalizado este prazo, a comisión de Extensión Universitaria e Estudiantes ou consello de Campus correspondente, reunirse para estudar e valorar as alegacións presentadas e, de ser o caso, publicarase a listaxe definitiva de cursos concedidos e denegados.

Calquera modificación para realizar os cursos aprobados na resolución definitiva de concesión, deberá ser remitida por escrito para ser avaliada e aceptada polas vicerreitorías competentes.

A persoa encargada da dirección do curso deberá aceptar a axuda para realizar o curso, de ser o caso, mediante documento asinado, comprometéndose a cumprir todas as condicións recollidas nas presentes bases e as aprobadas pola comisión de Extensión Universitaria e Estudiantes ou consello de campus correspondente.

9. TRATAMENTO DE DATOS PERSOAIS

De acordo co disposto no artigo 13 do Regulamento (UE) 2016/679, do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril, relativo á protección da persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento Xeral de Protección de Datos ou "RXPD") e co disposto no artigo 11 da Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, informámoslle que os datos que nos facilite na solicitude, serán tratados baixo a responsabilidade da Universidade de Vigo, coa finalidade de xestionar o presente procedemento, e amparados pola normativa vixente pola convocatoria do proceso.

Coa súa participación nesta convocatoria as persoas interesadas autorizan á Universidade de Vigo para a publicación dos seus datos, de acordo cos principios de publicidade e transparencia, cando así se derive da natureza deste procedemento.

Estes datos trataranse durante o tempo imprescindible para cumprir coa citada finalidade e serán conservados durante o prazo necesario para determinar as posibles responsabilidades que se puideran derivar de dita finalidade e do tratamento dos datos.

Vostede está obrigada a facilitar estes datos en cumprimento do requisito esixido pola convocatoria. En caso de non facelo, non será admitida a súa solicitude para a organización do curso de extensión universitaria.

A persoa solicitante garante que os datos aportados son verdadeiros, exactos, completos e actualizados, sendo responsable de calquera dano ou prexuízo, directo ou indirecto que puidese ocasionarse como consecuencia do incumprimento de tal obriga. No caso que a persoa solicitante facilite datos de terceiras persoas, manifesta contar co consentimento das mesmas e comprométese a trasladarlle a información contida nesta cláusula, eximindo á Universidade de Vigo de calquera responsabilidade neste sentido.

Vostede ten dereito a solicitar ao responsable do tratamento, en calquera momento, o acceso, rectificación ou supresión dos seus datos persoais e a limitación do seu tratamento.



Tamén terá dereito a oporse ao devandito tratamento, así como a solicitar, salvo casos de interese público e/ou exercicio de poderes públicos, a portabilidade dos seus datos.

Devanditos dereitos poderá exercelos mediante solicitude presentada ante o rexistro da Universidade de Vigo, ou calquera dos rexistros indicados no artigo 16 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e remitida á Secretaría Xeral da Universidade de Vigo (Campus das Lagoas-Marcosende, 36310-Vigo) coa referencia "protección de datos", a través dun escrito asinado ao efecto e achegando unha fotocopia do seu DNI. Para mais información: <https://www.uvigo.gal/proteccion-datos>.

Igualmente poderá dirixir dita solicitude directamente ao Delegado de Protección de Datos do responsable cuxa identidade e datos de contacto son Pintos & Salgado Abogados S.C.P., Avda. de Arteixo, 10 - 1º Esq., 15004 de a Coruña (España), teléfono: 981227076, enderezo electrónico: dpd@uvigo.gal.

Así mesmo, vostede ten dereito a presentar unha reclamación ante a Axencia Española de Protección de Datos (AEPD).

ÁMBITO- PREFIJO

GEISER

Nº registro

U03800049s21N0000020

CSV

GEISER-df37-20dd-2adf-4724-ba33-138a-bf8f-c042

DIRECCIÓN DE VALIDACIÓN

<https://sede.administracionespublicas.gob.es/valida>

FECHA Y HORA DEL DOCUMENTO

07/04/2021 12:47:48 Horario peninsular

Validez del documento

Original

